



Os museos galegos no proceso autonómico

EN 1981 O ESTATUTO DE AUTONOMÍA atribuíulle ao goberno galego, en exclusiva, as competencias en xestión do patrimonio. En consecuencia, había que pór en marcha os mecanismos necesarios para administrar tales bens. E cumpría, ademais, legislar un marco propio na materia. Na intersección desta dobre vía estaban os museos, instrumentos de primeira orde no que atinxe á conservación e difusión do acervo histórico e cultural.

Ora ben, a titularidade dos museos existentes era moi diversa. As institucións máis relevantes, como o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense e o das Peregrinacións, estaban en mans do Estado. E sen os museos dependentes dos concellos ou das deputacións, como os de Pontevedra e Lugo, a administración autonómica carecía de ferramentas.

Unha das solucións foi a creación dun sistema galego de museos regulado e supervisado pola Xunta, formado tanto por museos propios como por

centros concertados, integrados mediante convenio e financiados por medio de subvencións. As distintas normas que se aprobaron trataron o asunto. Con todo, tanto o primeiro decreto, de 1986, como os títulos sobre museos das leis do patrimonio cultural de Galicia, de 1995 e 2016, careceron de eficacia. Pois non se desenvolveron os regulamentos nin se dotaron dos medios precisos para a súa aplicación.

A esta situación habería que sumar a demora na transferencia dos museos estatais, que non se completou ata entrados os noventa, a falla de centros propios e a artificial creación de museos por parte de particulares con resultados especulativos en función da orde anual de subvencións.

A relación coa Igrexa Católica

Mención á parte merece a específica relación da Administración coa Igrexa Católica no caso dos museos de titularidade eclesiástica. Pois esta foi, e segue a ser, obxecto dun trato



🔗 Obradoiro de restauración instalado en San Martiño Pinarío para exposicións temporais, finais dos anos '90.

Para levar a cabo varias das tarefas relacionadas coa organización da mostra *Galicia no tempo* improvisáronse espazos de traballo en San Martiño Pinarío. Con posterioridade, o servizo de exposicións da S. A. de Xestión do Xacobeo aproveitou tanto a estrutura humana como as instalacións creadas entón.

Cidade da Cultura, 2018.

diferenciado. E aínda que se teñen feito grandes inversións, estas apenas teñen redundado socialmente.

Como exemplo podemos citar o proxecto *Galicia no tempo*. A gran mostra celebrouse en 1991 en San Martiño Pinario e isto xustificou a restauración do edificio. Os profesionais do sector estaban conformes porque a idea era que, como resultado do evento, se instalase alí un gran museo eclesiástico que inserise as coleccións da Igrexa Católica no ordenamento xeral do patrimonio galego e do sistema de museos. Iso non aconteceu. É máis, o monumento, despois do gasto realizado, nin sequera estaba aberto ao público. Para permitir as visitas, a única solución foi pagar persoal a maiores.

Cabe preguntarse se este panorama é froito da ineptitude do Goberno ou dun modelo concreto. A saber, dun modelo que, sobre todo, identifica Galicia en materia patrimonial coa Igrexa Católica e lle concede a esta preeminencia na súa xestión. Non podemos dicir que a Xunta e os que nela levan décadas gobernando non creasen estruturas afíns a esta visión. Pensemos, por exemplo, na S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, empresa de carácter público que canaliza unha inxente suma orzamentaria. O ente, por certo, tivo durante anos parte das súas instalacións en San Martiño Pinario e pagaba por estas un cuantioso alugueiro.

En realidade sería errado afirmar que as políticas do PP ignoran o patrimonio galego. Porén, si cabe sinalar que funcionan segundo unha economía de intereses que non ten que ver coa noción ilustrada de cultura da que son herdeiros outros colectivos e outras opcións. Pero iso non lles resta eficacia. Primeiro foi o Xacobeo, logo a Cidade da Cultura. O modelo é efectivo incluso con independencia de quen governe.

Con todo, hai outras prazas fortes. O galeguismo, ou polo menos unha parte, erixiu o Museo do Pobo Galego. Outros sectores organizáronse ao redor da rede pública de museos, fundamentalmente ao redor dos museos arqueolóxicos e provinciais. Tamén están os museos de arte contemporánea, etc. As forzas son desiguais, pero en xeral cada colectivo fai a súa escolla repertorial (arte sacra, arqueoloxía, etnografía, etc.). Cómpre, quizais, abordalas conxuntamente dunha vez.



🕯 **Virxe sedente de Santo Estevo de Ribas de Miño, O Saviñao [forma parte dunha Epifanía], finais do s. XII. Granito policromado. 87 x 41 x 32,5 cm.** Ata o

s. XIII as imaxes da Virxe limitábanse a presentala como trono do seu fillo. A partir de entón comezaron a amosala con novos atributos e, sobre todo, establecendo contacto co neno: sorríndolle, ofrecéndolle froita, aleitándoo, etc. A comunicación entre ambos mudou o retrato en símbolo de amor devoto. A espiritualidade mendicante xogou un importante papel neste cambio.

Foto: Alba Vázquez Carpentier

🕯 **Virxe Inmaculada da granxa do Casal de Socastro, Vedra, s. XVIII. Imaxe de alabastro policromado, peña de madeira, tamén policromada, e coroa de latón. 77,5 x 25 x 23,5 cm.**

As Inmaculadas represéntanse habitualmente suspendidas sobre a lúa crecente. A beleza da amada no *Cantar dos cantares*, imaxe na que tamén se basea o tipo, identificase así mesmo coa lúa. En realidade, o astro é o atributo máis constante das divinidades femininas occidentais. Tamén se representa triunfando sobre o mal, a serpe. Pois presupúñase que estaba predestinada a vencer o pecado dende o tempo da creación. Paradoxalmente, no s. XVIII, cando por primeira vez as elites intelectuais abandonaron a Igrexa Católica, a crenza na Inmaculada chegou a ser un baluarte de fe contra o empirismo e a razón.

Colección particular.
Foto: Alba Vázquez Carpentier



🕯 **Madonna de Trapani, 1701-1725. Alabastro policromado. 32,5 x 12,5 x 13 cm.** En Galicia o alabastro era un material inusual.

Imperaba o granito e a madeira. En xeral as pezas que se conservan en alabastro procedían do exterior, como esta virxe do s. XVIII. Trátase dun tipo fabricado en serie para a súa exportación en Trapani, Italia. Seguían o modelo da realizada por Nino Pisano nesa mesma cidade.

Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
Foto: Fernando del Río



A Inmaculada do Casal de Socastro, Vedra

O PATRIMONIO RELIXIOSO ten gran relevancia na historia de Galicia. A Igrexa Católica exerceu dende datas moi temperás un importante control sobre o territorio. Os inicios do monacato retrotraénnos aos reinos suevo e visigodo, e a esta circunstancia cómpre sumar as consecuencias do fenómeno xacobeo tras a *inventio* do sepulcro. A hexemonía cultural da Igrexa dilatouse durante séculos e só comezou a declinar coa chegada do movemento ilustrado.

A virxe que presentamos en NUMAX foi realizada no s. XVIII. Son poucos os datos que temos. Sabemos que procede da granxa do Casal de Socastro, en Vedra. O inmoible foi construído no ano 1652 e mercado no s. XIX por José Ávila Lamas, futuro bispo de Ourense. A talla formaríase, xa entón, parte dos bens da propiedade pero non quedou alí, pois Ávila Lamas trasladouna a Ourense. Os seus sucesores desprendéronse da granxa, que foi derrocada en 1985, pero conservaron a virxe ata a actualidade.

Formalmente a peza presenta trazas tipicamente barrocas. A torsión do corpo, o tratamento dos panos, o xogo de luces e a policromía enfatizan o seu movemento. E a dirección oposta

de cabeza e mans, como alonxándose, tamén subliñan esta concepción dinámica e teatral tan característica. A escultura, como é habitual nas Inmaculadas, toma a súa iconografía da muller apocalíptica descrita nas Escrituras, porta coroa de doce estrelas e está pousada sobre unha lúa crecente coas puntas cara arriba. Baixo os seus pés tamén a esfera celeste e unha figura sincrética que tanto lembra o dragón da *Apocalipse* como a serpe que induce o pecado orixinal.

Dende logo, María, virxe e nai ao mesmo tempo, representou na cultura occidental un modelo de comportamento feminino e un obxecto de devoción. E, sen lugar a dúbidas, o seu estatuto é comparable ao das deusas doutras culturas. A relixión cristiá asimilou moitas das fórmulas do mundo helenístico, e neste, o nacemento virxinal de heroes foi un lugar común. Danae, por exemplo, concibiu a Perseo cando Xúpiter a visitou en forma de chuva. A actitude cara a virxindade foi tamén unha herdanza do mundo clásico. Porén, no caso das deusas pagás tal signo non se identificaba coa castidade, era símbolo de forza e autonomía. Venus, Ishtar e



E apareceu no ceo un gran sinal: unha muller vestida co sol, coa lúa baixo os seus pés e, na cabeza, unha coroa de doce estrelas. Estaba embarazada e berraba cos retorzóns e as dores.

Apareceu outro sinal no ceo: era un gran dragón vermello, que tiña sete cabezas e dez cornos e nas cabezas sete diademas.

Co seu rabo arramplaba cunha terceira parte das estrelas do ceo e botábaas na terra. O dragón plantouse diante da muller que estaba para dar á luz, coa idea de engulirlle o filliño en canto nacesse.

Tivo un fillo varón; aquel que cun caxato de ferro ha rexer a tódalas nacións.

APOCALIPSE 12, 1-5



📍 **Retablo do Pazo de Alongos, 1764. Madeira policromada.**

A concepción retabular ou teatral do mundo imperou na arte barroca. As esculturas e as reliquias de moitas igrexas enriquecéronse con baldaquinos, coros e retablos seguindo o ronsel de Francisco de Moure. A fidalguía tamén se uniu a esta euforia, e foi entón cando se construíron os grandes pazos galegos e se engalanaron as súas capelas. Foi a virxe do Casal de Socastro encargada para un retablo?

Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
Foto: Fernando del Río

muller interpretouse como unha profecía da Virxe María. E a promesa de vitoria sobre a serpe foi usada para desenvolver a imaxe da segunda Eva, a que triunfa alí onde a primeira fracasou. O seu éxito xustificaba que o seu destino, dende a época da creación, fose escapar ao poder do demo e supuña a súa total ausencia de pecado.

En todo caso, foi Francisco Pacheco, no seu tratado sobre pintura, quen fixou a fórmula coa que se representaron durante o barroco as Inmaculadas. En Galicia unha das imaxes máis destacadas é a do coro de San Martiño Pinario, atribuída a José Gambino, autor co que tamén se quixo identificar a escultura que amosamos en NUMAX. Porén, entre outros aspectos, a iconografía é lixeiramente distinta e o material no que está realizada, o alabastro, era sumamente raro nos obradoiros galegos. É probable que se trate dunha talla importada. Polo seu tamaño e por non ter traballada a parte posterior é posible que fose encargada para algún retablo. Acaso tiña a granxa unha capela?

Textos: Sabela López Pato
Para máis información e referencias bibliográficas: www.numax.org

Astarté eran chamadas virxes a pesar dos seus amantes. O cristianismo ampliou o concepto. A castidade sexual como bondade e o nacemento virxinal como sanción moral foron unha contribución distintiva. E, tal e como pon de relevo Marina Warner, foi este salto do signo relixioso á doutrina moral o que transformou unha deusa nai como María nun instrumento efectivo de ascetismo e suxeición.

Ora ben, a crenza da Inmaculada vai máis alá. Postula que María foi *preservada* do pecado dende a súa concepción. A saber, unha das pasaxes máis importantes na súa definición foi a que relata o castigo de Deus á serpe no Xardín do Edén: «Poño hostilidade entre ti e a muller, entre a túa liñaxe e a dela. Ti tentarás de atanguerlle o calcañar, pero ela esmagarache a cabeza» (*Xénese* 3, 15). A palabra

FÓRA DOS MUSEOS

6 pezas deslocalizadas na Librería NUMAX
Marzo-novembro 2018

Coa colaboración de:
Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense,
Museo das Peregrinacións e de Santiago,
Museo Massó,
Fundación Barrié,
Museo do Pobo Galego e Museo de Pontevedra

Comisaría:
Sabela López Pato
Coordinación:
NUMAX /
Sabela López Pato
Deseño de mobiliario:
domohomo

Produción, imaxe e comunicación:
NUMAX

Construción metálica:
Galanas
Metacrilato e soporte:
Rótulos Visión
Arдума

Electricidade:
Instlaciones Cepa
Pérez Antolín

Seguros:
AON

Rotulación:
Agencia Gráfica

Durante 8 meses a Librería NUMAX amosará, de xeito sucesivo, 6 pezas de diferentes museos e coleccións de Galicia.

FÓRA DOS MUSEOS quere convidar á reflexión sobre estas institucións, achegarse á súa orixe, indagar nas súas problemáticas e analizar que tipo de obxectos custodian. Persoas expertas do campo museográfico galego presentarán cada peza ao inicio da súa exhibición.

Por que este proxecto?

Porque amamos os obxectos e porque a protección da nosa cultura material depende en gran medida dos museos. Porque os museos deberían formar parte das axendas sociais, culturais e políticas. E porque, como sinalou Jean-Marie Straub, «facer a revolución é tamén poñer no seu sitio cousas moi antigas pero esquecidas».

- 01** 13.03-16.04
Como naceron os museos galegos?
- 02** 17.04-21.05
Onde gardamos a memoria?
- 03** 22.05-25.06
Quen habita en nós?
- 04** 26.06-03.09
Que acontece coa arte do exilio?
- 05** 04.09-08.10
Que facemos coa Virxe?
- 06** 09.10-12.11
E o noso patrimonio industrial?

NUMAX
www.numax.org

Co apoio da

